

Páxina 95

Que sabes xa?

Exercicio 1

- Cando vai moito frío, a capa superior de auga dun lago pode transformarse en xeo.
- Se despois a temperatura sobe, o xeo transfórmase de novo en auga líquida.

Exercicio 2

- A auga líquida daroupa húmida que tendemos a solevar e convértese en vapor de auga.

Páxina 97

Exercicio 1

Substancia: plástico, auga, ouro.

Obxecto: mesa, nube.

Non materia: música.

Exercicio 2

A xerra contén unha maior masa de auga porque é máis grande e pode conter máis cantidade de materia ca o vaso. A xerra tamén contén un maior volume, é máis grande e ocupa máis espazo.

Exercicio 3

Cambia a forma da auga, pois depende do recipiente onde está contida. Non obstante, o volume da auga permanece igual.

Páxina 101

Exercicio 1

A flexibilidade é a capacidade dun corpo de dobrarse sen romper. Por exemplo, a tea dunha mochila, que se pode abrir e pechar moitas veces sen que rompa.

A elasticidade é a capacidade de recuperar a forma cando cesa a forza que está deformando un corpo. Pódese observar nas gomas elásticas.

Exercicio 2

Convén que os perfumes sexan volátiles para que se evaporen con facilidade e as substancias gasosas que os compoñen cheguen ao noso nariz.

Exercicio 3

O aire que entra na roda comprímese; por iso, canto máis chea está, máis custa continuar introducindo aire.

Páxina 103

Exercicio 1

- Non é unha substancia pura, posto que o aire está formado por unha mestura de varias substancias diferentes, principalmente gases como o dióxido de carbono, osíxeno, helio, etc.
- Non, porque é unha mestura de auga e sales minerais disoltos nela.
- O helio é unha substancia pura que forma parte da mestura de substancias que constitúen o aire.

Exercicio 2

Son disolucións o perfume e o refresco, pois neles non se distinguen os compoñentes da mestura. En cambio, nos outros dous exemplos si que se distinguen os compoñentes, xa que se separaron